

2020

MEMORIA ANUAL



Puede verificar integridad de este documento en <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/EYXNZ0FTIDG026Y3>

INDICE

1.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

- 1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade. Tempada 2019-20.
- 1.2.- Escola Multideportiva. Tempada 2019-20.
- 1.3.- Escola Deportiva de Base. Tempada 2019-20.

2.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

- 2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2019-20.
 - 2.1.1.- Curso de Ximnasia de Mantemento.
 - 2.1.2.- Curso de Ximnasia Acuática.
 - 2.1.3.- Curso de Aeróbic.
 - 2.1.4.- Curso de Badminton.
 - 2.1.5.- Curso de Tai Chi.
 - 2.1.6.- Curso de Ioga.
 - 2.1.7.- Curso de Pilates.
 - 2.1.8.- Curso de Ximnasia Funcional.
 - 2.1.9.- Curso de Adestramento en Circuito.
 - 2.1.10.- Curso de Estiramientos.

3.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

- 4.1.- Actividades Físico-Recreativas para Adultos.
- 4.2.- Torneos de Verán.
 - 4.3.1.- XVIII Torneo de Tenis de Verán.
 - 4.3.2.- IV Torneo de Badminton Dobres.
- 4.3.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de traíñas.

4.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.


- 6.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.
- 6.2.- Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de

5. INCIDENCIA COVID-19 NA ACTIVIDADE DEPORTIVA.

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

Nas actividades deportivas para nenos traballouse a iniciación deportiva a diferentes deportes mediante o xogo. Pódese dicir que o xogo como práctica popular é o antecedente do deporte como tal e como o coñecemos hoxe en día. O elemento fundamental do xogo é o lúdico, buscando a evasión da vida cotidiá, sometendo o neno/a a unhas normas máis ou menos establecidas e marcando uns obxetivos individuáis ou colectivos que posibiliten o desenvolvemento da actividade.

Dentro do proceso de aprendizaxe, o xogo debe permitir o desenvolvemento dunha serie de capacidades para que cumpla coa función que queremoslle asinar



A iniciación deportiva non é máis cun proceso de ensinanza- aprendizaxe, e como tal debe ter moi en conta todo-los elementos que participan neste proceso, co fin de conseguí-la máxima eficacia (Bayer 1986).

- + O individuo que se inicia e as súas características evolutivas.
- + As características dos deportes a iniciar.
- + A metodoloxía específica que interrelacione o proceso.

Hai tres ámbitos nos que pódese enmarcar a práctica deportiva:

I.- COMPETICION-RENDEMENTO: na iniciación é un obxectivo a longo prazo, e os seus modelos non se adaptan o que entendemos debe se-la iniciación deportiva, o seu fin busca un resultado non un proceso.

II.- OCIO-RECREACION: onde a importancia da competición perde papel respecto o aspecto lúdico.

III.- AMBITO EDUCATIVO: no que o elemento lúdico, actividade física e a competición deben estar en sincronía.

O ámbito educativo é o que máis se adapta ás intencións desta Fundación. O deporte debe ser, ademáis dun aprendizaxe técnico e táctico, un medio para axuda-lo neno/a a desenvolve-la súa personalidade, indo máis alá do adestramento hasta conseguir unha creación de hábitos, un estilo de vida “deportivo” e “saudable”.

Este ano debido a pandemia provocada polo COVID-19, o curso 2019-20 remataou anticipadamente o 14 de marzo, cando decretouse polo goberno o estado de alarma.

1.1.- ESCOLA DEPORTIVA DE PSICOMOTRICIDADE.

Nesta escola a Fundación pretende axudar ao alumnado a desenvolver seu movemento corporal, a relación cos demais, a controlar seus emocións e coñecemento integrando todo entre sí, xa que permite a formación do neno na súa globalidade a partires do corpo para que posteriormente se inicie nas actividades deportivas.

Na educación psicomotriz, o movemento non é máis cun soporte que permite o neno adquirir uns coñecementos abstractos, pero tamén adquirir unhas percepción e unhas sensacións que lle brinden o coñecemento dese complexo instrumento que é o seu corpo e a través del, o coñecemento do mundo que lle rodea.

Dende xaneiro ata marzo, continuación da Escola Psicomotricidade de inverno, ofertada para nenos/as nados nos anos 2014-2015 que comenzou a mediados de outubro de 2019. Esta escola tivo 29 alumnos/as inscritos/as, desenvolvendo a súa actividade no Recinto Fexdega.



1.2.- ESCOLA MULTIDEPORTIVA.

A Escola Multideportiva foi programada para os nenos/as do Concello de 6 a 8 anos de idade.

As actividades deportivas a desenvolver serán:

- Xogos de iniciación ós deportes colectivos (fútbol , voley , basket , etc)
- Xogos con implementos (palas, béisbol, etc.)
- Xogos con material alternativo (freesbe, indiakas,)
- Xogos cooperativos con paracaídas.

Dende xaneiro ata a finalización prematura da escola a mediados de marzo a mesma foi a continuación da Escola Multideportiva de Inverno, ofertada para nenos/as nados nos anos 2011-2013 que comezou a mediados de outubro de 2019, contando cunha participación de 61 alumnos/as inscritos/as, repartidos en dous grupos que desenvolveron a actividade no Recinto Fexdega.

1.3.- ESCOLA DEPORTIVA DE BASE.

A Escola Deportiva de Base está programada para os nenos/as do Concello de 9 a 15 anos de idade, para favorecer a práctica de deportes minoritarios no noso concello, e tamén permitir a participación de alumnos maiores da idade sinalada con unha discapacidade inferior o 33% para favorecer a súa integración.

A Escola Deportiva de Base desenvólvese en cooperación cos clubs do concello (en xestión indirecta) ou realizadas directamente pola Fundación de Deportes, nas modalidades deportivas nas que non existen ningún club ou entidade deportiva rexistrada na Fundación de Deportes, ou tamén aquelas outras que tendo clubs no Concello ningún presentou un proxecto para a xestión indirecta.

A escola desenvólvese para nenos/as nados nos anos 2003-2010 que comezando a mesma a mediados de outubro de 2019. Desenvólvese en xestión directa as modalidades de aeróbic (21 inscritos/as), baloncesto (26 inscritos/as), tenis (16 inscritos/as) e patinaxe (35 inscritos/as). En réximen de xestión indirecta desenvólvense as seguintes especialidades:

- √ Artes Marciais: un grupo impartido polo Club Olímpic Vilagarcía con 29 inscritos/as.

- √ Baile Deportivo: un grupo impartido por D. Breogán Pérez Vázquez do Club Arousa Baila, con 17 inscritos/as.
- √ Padel: dous grupos impartido polo Club Arousa Padel con 14 e 12 alumnos cada un.
- √ Tenis de Mesa: un grupo impartido polo Club Deportivo Tenis de Mesa con 17 inscritos/as.
- √ Ximnasia Rítmica: un grupo impartido por Dna. Sandra Estrada Fernández do Club Vilarousa Ximnasia con 29 inscritos/as.

O número total de solicitudes de inscrición na Escola Deportiva de Base foi de 159 solicitudes; se ben como podían anotarse a máis de unha actividade atendendo á solicitude por modalidades deportivas, tivemos 233 alumnos/as inscritos/as.

As actividades levaronse a cabo no Pavillón e no Ximnasio dos C.E.I.P.s Arealonga e A Lomba, no Pavillón Municipal de A Torre, no Recinto Fexdega e nas instalacións do Club Padel Arousa e no Ximnasio Olímpic.

2.- ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS PARA ADULTOS

A actividade física é un tema relevante, tanto dende un punto de vista persoal e individual como dende unha visión global da sociedade.

O feito de que unha persoa inicie, continúe ou potencie unha actividade física, pode aportarlle por unha parte un cambio sustancial na súa vida interior xa que lle axudará o seu estado de ánimo e a súa saúde, potenciará os seus reflexos e proporcionarlle unha axilidade que pode ter mermada ou estancada, e polo tanto mellorar a súa calidade de vida.

Por outra banda dende o punto de vista desta persoa cara o exterior, o feito de que para facer esta actividade, estableza unha relación con outras persoas adultas e cos seus monitores, normalmente mais xóvenes, pode aportarlle outra serie de beneficios como poden ser coñecer persoas da súa idade, compartir obxectivos, esforzos, ledicias, desilusións, opinións, etc..., en definitiva establecer contacto con persoas afines a eles, establecendo círculos de amizade e relacións e contribuíndo con isto a rachar a soidade que sufren moitos deles.



Tendo en conta este feito a actividade física adquire un carácter decisivo ao converterse nun elemento de reunión que axude a formar un colectivo cada vez máis amplo de xeito que baseándose nun obxectivo permítelles construír un movemento dentro da sociedade que lles permita redefinir o seu papel dentro desta.

A Fundación de Deportes debe por á disposicións dos cidadáns, e facilitar en maior medida, a práctica dunha actividade deportiva que realmente é demandada pola sociedade, contando cos medios precisos para que esta se poda levar a bo termo.

Atendendo a demanda da poboación dentro das actividades para adultos ou maiores de 16 anos cunha autorización paterna, programáronse as seguintes actividades:

- Actividades de Ximnasia: de Mantemento, Acuática e Funcional.
- Actividade de Aeróbic.
- Actividade de Badminton.
- Actividade de Tai-chi.
- Actividade de Ioga.
- Actividade de Pilates.
- Actividade de Adestramento en Circuito.
- Actividade de Estiramientos e Relaxación.

2.1.- 2º CURSO DE ACTIVIDADES PARA ADULTOS 2019-20.

Neste segundo curso das actividades físico deportivas para adultos da tempada 2019-20, houbo unha inscrición de **1157 solicitudes**, das cales 110 foron fóra de prazo; se ben, atendendo a participación nas actividades, como moitas das persoas inscritas tiñan Carné da Fundación e participaban en máis de unha actividade; tendo unha participación de **1.815 persoas/actividade a semana**.

2.1.1.- 2º Curso de Ximnasia de Mantemento. Actividade para adultos cunha inscrición de 400 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 11 grupos, cinco en horario de mañá e seis en horario de tarde. A actividade levouse a cabo nos pavillóns municipais de Carril, Guillán, Castelao, Casa Cultural de Bamio, Recinto Fexdega e o pavillón nº 2 do C.D.M. de Fontecarmoa.

2.1.2.- 2º Curso de Ximnasia Acuática. No curso de ximnasia acuática, houbo un total de 169 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 9 grupos, oito en horario de mañá e un en horario de tarde. A actividade levouse a cabo na Piscina Municipal de Fontecarmoa.

2.1.3.- 2º Curso de Aeróbic. Actividade para adultos cunha inscrición de 139 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 3 grupos que realizaron a actividade, un en horario de mañá e dous en horario de tarde no Recinto Fexdega.

2.1.4.- 2º Curso de Badminton. Actividade para adultos cunha inscrición de 95 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 4 grupos; dous en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.

2.1.5.- 2º Curso de Tai Chi. Actividade para adultos cunha inscrición de 91 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 2 grupos en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no ximnasio do C.E.I.P. A Escardia.

2.1.6.- 2º Curso de Ioga. Actividade para adultos cunha inscrición de 244 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 4 grupos, dous grupos en horario de mañá e dous en horario de tarde. A actividade levouse a cabo pola mañá no Recinto Fexdega e pola tarde no C.E.I.P. A Escardia.

2.1.7.- 2º Curso de Pilates. Actividade para adultos cunha inscrición de 349 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 10 grupos, seis grupos en horario de mañá e catro en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.

2.1.8.- 2º Curso de Ximnasia Funcional. Actividade para adultos cunha inscrición de 89 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 2 grupos en horario de mañá. A actividade levouse a cabo no Pavillón do Castelao.

2.1.9.- 2º Curso de Adestramento en Circuito. Actividade para adultos cunha inscrición de 60 alumnos/as. Realizada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo. Ofertáronse 2 grupos en horario de tarde. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega.



2.1.10.- 2º Curso de Estiramientos e Relaxación. Actividade para adultos cunha inscrición de 179 alumnos/as. Ofertáronse 1 grupo en horario de mañá. A actividade levouse a cabo no Recinto Fexdega. Dado o gran volumen de participantes tivose que dividir o grupo en dous, impartidos a mesma hora por técnicos/as diferentes.

3.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS VERÁN VILAGARCÍA

Dende a Fundación de Servicios Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,ponse en marcha o “**PROXECTO DE ACTIVIDADE FÍSICA: VERÁN VILAGARCÍA 2020**” para desenvolverse do **15 de xullo ao 28 de agosto** do presente ano; un proxecto relacionado coa práctica de diversas actividades físico recreativas no periodo estival.

A Fundación de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ofrece os veciños e visitantes da nosa vila, un programa deportivo co obxectivo de responder as novas expectativas sociais e sanitarias, despois da pandemia sufrida polo COVID-19, na que ás demandas da sociedade, en canto a actividade física recreativa enfocada a saúde toma unha relevancia maior, o que non resta importancia ás dimensións: recreativa, educativa, social,...

Para a tempada estival, os meses de xullo e agosto, a Fundación de Deportes ten como obxetivos prioritarios:

- Ampliar a oferta deportiva da Fundación de Deportes.
- Mellorar a saúde e calidade de vida a través da actividade física na veciñanza.
- Facilitar a práctica deportiva a todos os grupos sociais.

Con estes obxetivos, a Fundación de Deportes cumpre co establecido no seus estatutos, no o Artigo 7, Fins e competencias, que establece entre outras:

√ Fomento, promoción, programación, planificación e desenvolvemento da actividade física e práctica deportiva no Municipio de Vilagarcía.

- √ A promoción exterior do Concello de Vilagarcía a través do deporte.
- √ Colaborar coas entidades deportivas autonómicas, locais, estatales o internacionais.

Por elo, neste proxecto ofertará as seguintes actividades **físico-deportivas-recreativas**, cun límite de aforo de 25 persoas por grupo, tal como establecía a lexislación polas limitacións de aforo polo Covid-19 para a práctica de actividade física non federada. A actividade dividiuse en dos 2 bloques:

■ ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS

- o Actividade física familiar
- o Aerotono
- o Actividade física con implemento.
- o loga en familia

■ TORNEOS DE VERÁN

- o XVII Torneo de Tenis de verán.
- o IV Torneo de bádminton dobres de Verán.

[3.1.- Actividades Físico-Recreativas](#)

Dentro das Actividades Físico-Recreativas sen necesidade previa de inscrición, leváronse a cabo durante os meses de xullo e agosto de 2020, as actividades que a continuación se relacionan, impartidas polos técnicos deportivos da Fundación de Deportes:

3.1.1.- Actividade física familiar: Actividade ofertada de luns a venres, ésta levouse a cabo en horario de mañá, de 9:00 a 10:00 horas, e os luns, mércores e venres de 10:00 a 11:00 h, no Recinto Fexdega. A participación media nesta actividade foi de 5 participantes.

3.1.2.- Aerotono: Actividade ofertada os martes e xoves en horario de mañá 10:00 a 11:00 h, no Recinto Fexdega. A participación media nesta actividade foi de 3 participantes.



3.1.3.- Actividades Física con Implementos: Actividade ofertada os martes e xoves en horario de 9:00 a 10:00 h y de 10:00 a 11:00 h, no Recinto Fexdega. A participación media nesta actividade foi de 5 participantes

3.1.4.-loga en Familia: Actividade ofertada os luns e mércores en horario de 10:00 a 11:00h, no Recinto Fexdega. A participación media nesta actividade foi de 8 participantes.

3.2.- Torneos de Verán

3.2.1.- XVIII Torneo de Tenis de Verán.

O XVIII Torneo de Tenis de Verán comezou o 20 de xullo e finalizou o 28 de agosto. Establecéronse tres categorías para poder acceder a participar no devandito Torneo, sendo as categorías a que a continuación se relacionan:

- Categoría A: para os nados no 2008-2012. Houbo 18 inscritos/as.
- Categoría B: para os nados no 2003-2007. Houbo 16 inscritos/as.
- Categoría absoluta feminina. Houbo 11 inscritas.
- Categoría absoluta: participación aberta a todas as idades. Houbo 57 inscritos/as.
- Categoría veterans: para os nados do 1969 e anteriores. Houbo 16 inscritos/as.

Este Torneo levouse a cabo nas pistas de tenis do C.D.M. de Fontecarmoa, contando cun total de 114 inscricións. Nas categorías A, B, e absoluta feminina xogáronse nunha fase de liguilla e despois a final, mentras que as categorías absoluta masculina e veteráns xogaronse en modalidade eliminatoria. O total de encontros disputados foi de 154 partidos.

A clasificación por categorías foi a seguinte:

- √ Categoría A: Xogáronse un total de 16 partidos e o gañador foi Martín Fernandez Cores derrotando a Mirian Ferreira Doval por 4-1 / 4-2.
- √ Categoría B: Xogáronse un total de 16 partidos e o gañador foi Álvaro Abalo Martínez derrotando a Daniel Martínez Pardo por 7-5 / 5-7 / 1-2.
- √ Categoría A + B consolación: Xogáronse un total de 7 partidos e o gañador foi Brais Rial Costa derrotando a Miguel Abalo Martínez por un dobre 6-3.

- √ Categoría absoluta feminina: Xogáronse un total de 11 partidos e a gañadora foi Candela Fajardo Aranda derrotando a Ariadna Lucio Cora por 6-0 / 6-3.
- √ Categoría veteráns: Xogáronse un total de 16 partidos e o gañador foi José Luis Padín Nuñez derrotando a Manuel Vázquez Castelo por 7-5 / 6-1.
- √ Categoría veteráns consolación: Xogáronse un total de 8 partidos e o gañador foi José Fernández Silva derrotando a José Bernadez Lema por 5-7 / 6-3 / 6-0.
- √ Categoría absoluta: O ganador foi Manuel Cores Fernandez derrotando a Javier Fontán Mondragón por un 6-0 / 6-2.





3.2.2.- IV Torneo de Badminton Dobres de Verán

O IV Torneo de Badminton Dobres de Verán levouse o martes 18 e o Xoves 20 de agosto, no Rencinto Fexdega en horario de tarde.

Só se ofertou unha soa categoría absoluta para os nados en 2004 e anteriores, contando cun total de 5 parellas inscritas, que xogaron a modo de liguilla.

A parella gañadora do torneo foi: Borja Santamaría González e Raúl Santamaría González

3.3.- VILAGARCIA A MARES

3.3.1.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía.

A XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía levouse a cabo o domingo 19 de xullo nas augas do Peirao de Vilaxoán. A proba pertenceu á Liga Galega de Traiñas (LGT A).

Na regata, os mellores tempos foron para S.D. Samertolameu (20:13.39), seguida de S.D. Tirán que realizou o segundo mellor tempo a 4 segundos do gañador (20:17.07) e do C.R. Vilaxoán que finalizou en terceira posición (20:29:92), a 16 segundos da traíña da S.D. Samertolameu

Completaron a proba en cuarto lugar C.M. Bueu (20:41.01), en quinto posto C.R. Cabo (20:50.44), en sexto lugar C.R. Mecos (21:08.43), en sétimo posto a A.D. Esteirana (21:12.58). Pecharon a proba nos tres últimos lugares C.R. Rianxo (21:22.75), C.R. Muros (21:34.46) e o C.D.M. Mera (22.29.30) .

4.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

Neste apartado figuran eventos deportivos que se desenvolveron no Concello de Vilagarcía de Arousa, nos que a Fundación de Deportes estivo presente ben como organizador ou coorganizador con outra entidade, ou ben como colaborador facilitando as instalacións deportivas municipais e a infraestrutura disponible para o desenvolvemento dos eventos.

4.1.-EVENTOS ORGANIZADOS POLA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

4.1.1.- 24 Xogos autonómicos de deportes minoritarios de Sepecial Olympics,

Proba coorganizada pola Fundación de Deportes a Asociación Con Eles e Special Olympics Galicia, a cal desenvolveuse no recinto de Fexdega o sábado 7 de marzo, contando cunha participación de 210 deportistas con discapacidade intelectual de 17 entidades da comunidade autónoma, amáis de 61 adestradores e 86 voluntarios.

As competición dividíronse en 3 categorías:

- **Competicións Individuais:** Tenis de mesa e bádminton.
- **Competicións Colectivas:** Tenis de mesa dobres, tenis de mesa dobres unificados, bádminton dobres, bádminton dobre unificados e tenis dobres, e tenis dobres unificados, como probas recreativas que competiron nas modalidades de badminton, tenis, tenis de mesa, e habilidades motrices.
- **Competición Adaptada:** A participación nestas actividade deportiva foi exclusivamente para deportistas con necesidade de apoio extenso ou xeneralizado, de baixo nivel que non podían participar noutras disciplinas deportivas. Probas Motrices: Desprazamento, tiro de disco, recepción de pelotas, Lanzamento a





canastra, , lanzamento de precisión, tiro a portería , raquetas e pelotas, equilibrio dinámico, desprazamento con diferentes apoios e bolos.

4.2.-EVENTOS ORGANIZADOS POR ENTIDADES DEPORTIVAS CON COLABORACIÓN DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

XANEIRO

- Campionato Provincial de Xadrez, organizado polo Club Xadrez Fontecarmoa no Auditorio Municipal, o sábado e domingo 17, 18 e 19 de xaneiro cun total de 400 participantes.

FEBREIRO

- Campeonato Galego de Lanzamentos no Estadio de Atletismo do C.D.M. de Fontecarmoa o domingo 9 de febreiro.

MARZO

- Marzo sen fronteiras, organizada polo Profesorado e alumnado do Ciclo Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas do I.E.S Miguel Ángel González Estévez, o 11 de marzo.

XULLO

- Escola de verán, organizado polo San Martín C.F. nos meses de xullo e agosto no C.F.M. de Vilaxoán.
- Os días 7 e 8 de xullo, a Fundación de Deportes colaborou no desenvolvemento do Clas Clas organizado polo Conservatorio Municipal, desenvolvendo unha actividade de mantemento no pinar da praia e outra de spining no xardín de Ravella con acompañamento de música clásica.
- Campus de Verán Fundación Celta de Vigo no C.F.M. Manuel Jiménez entre as datas do 20 ó 24 e do 27 ó 31 de Xullo,

AGOSTO

- 52º Trofeo San Roque, Clase Snipe de Vela, organizado polo Real Club de Regatas Galicia, nas inmediacións do Porto de Vilagarcía, os días 21, 22 e 23 de agosto (VIII Gran Premio Ramiro Carregal) con un total de 22 participantes.



5.- INCIDENCIA COVID-19 NA ACTIVIDADE DEPORTIVA.

Debido ao estado de alarma decretado polo Goberno a través do **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19**, a práctica da actividade física no federada e do deporte federado ao igual que sucedeu con outras cuestións e traballos, tivo que suspenderse polo que, entre outros non se puido impartir o 3 curso de actividades físico–recreativas de inverno planificada para os meses de abril, maio e xuño.

A lexislación foi modificando a práctica da actividade física, permitindo primeiro a realización de actividade física individual ao aire libre a través das **Orde SND/380/2020, de 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19** e do deporte federado e profesioanal coas **Orde SND/388/2020, de 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, e a apertura de arquivos, así como para a práctica do deporte profesional e federado** así como pola **Resolución de 4 de maio de 2020, da Presidencia do Consello Superior de Deportes pola que se aproba e publica o Protocolo básico de actuación para a volta a os adestramentos e o reinicio das competicións federadas e profesionais**

Coa publicación da **Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade**, a Fundación de Deportes procedeu a reapertura das instalacións deportivas ó aire libre do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa, para a realización de actividades deportivas de carácter individualizado, sin contacto, concretamente tenis e atletismo e con cita previa, coas limitacións que recollía esta normativa.



A **Orden SND/414/2020, de 16 de mayo, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade**, permitiu o comenzo dos adestramentos básicos para a actividade federada de ligas non profesioanias de maneira individual e cumprindo coas medidas de prevención e hixiene, para posteriormente coa publicación da **Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas trala declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade**, a Fundación de Deportes reabriu ao uso dos Pavillóns Nº 1 e Nº2 , o C.F.M. Manuel Jiménez e o Estadio Municipal de Atletismo do C.D.M. Fontecarmoa, limitando nas instalacións ao aire libre, campo de fútbol e estadio de atletismo, autorizase a realización en pequenos grupos de varios deportistas hata un máximo de vinte, e nas instalacións pechadas, pavillóns Nº 1 e Nº 2, autorizouse a realización en pequenos grupos de varios deportistas hata un máximo de doce, en ambos casos, instalación abertas e pechadas, mantendo as distancias de seguridade de dous metros de maneira xeral, evitando en todo caso, situacións nas que se producira contacto físico. A partir de este momento houbo entidades que voltaron aos adestramentos, como foi o Arosa S.C. para prepeara a fase de ascenso a 2ª división B que xogou no mes de xullo no estadio de Balaídos.

A Xunta públicou a **RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia**, polo que as Federacións e os clubs asociados as mesmas tiñan que realizar un Protocolo que tiña que aprobar a propia Secretaría para a volta do deporte federado para a tempada 2020-21. , polo que tódolos clubs do Concello que comenzaron a preparación de adestramentos e competicións tiveron que presentar na sede electrónica da Fundación o citado protocolo.

Amáis seguindo a lexislación vixente, dende a Fundación de Deportes tiveronse que tomar unha serie de medidas tanto para os adestramentos como para as competicións en canto aforos, acceso as instalacións, uso de vestiarios, limpeza e desinfección das instalacións, etc.

Asinado dixitalmente

O Director Deportivo da Fundación de Deportes

Juan Miguel Doval Blanco